

INFORMACIÓN XERAL

- *Lugar e hora de saída: Casa do Concello de Moeche ás 8:00 horas da mañá.*
- *Lugar e chegada: Casa do Concello de Moeche*
- *Destinatarios/as: Maiores de 16 anos (Aqueles que sexan menores de idade deberán entregar un permiso paterno/materno, excepto aqueles que van acompañados/as dos seus pais/nais..*
- *Número de prazas: 50*
- *Cotas:*

O coste do camiño variará dependendo do número de inscricións.

Terá que haber un mínimo de 20 persoas que realicen todo o camiño para que a actividade se leve a cabo.

INSCRICIÓN

As inscricións realizaranse na Casa do Concello en horario de mañá.

Teléfonos: 981 40 40 06 ou 639417975

O prazo de inscrición abrirase o día 12 de abril e rematará o 27 de abril de 2010.

Terán preferencia de inscrición as persoas que realicen todo o camiño.

ORGANIZA:

CONCELLO DE MOECHE

CONCELLERÍA DE DEPORTES



INFORMACIÓN

CONCELLO DE MOECHE

DEPARTAMENTO DE DEPORTES

SAN RAMÓN S/N

MOECHE

TLFO. 981404006/639417975

CONCELLO DE MOECHE

CAMIÑANDO ATA SANTIAGO 2010

***CAMIÑO INGLES
EN
SEIS ETAPAS***

FERROL – SANTIAGO

CAMIÑO INGLÉS EN SEIS ETAPAS

DISTANCIA TOTAL: 115 KM

1ª ETAPA- 25 KM

DOMINGO 9 DE MAIO 2010

FERROL-PONTEDEUME

Comezaremos a andaina no porto de Ferrol bordeando a bahía. Seguindo pola calle Real, o camiño desemboca na Praza de Amboaxe. Descenderemos hacia a praza da Constitución, poñendo rumbo hacia os barrios de Recemel e Caranza. A partir deste punto seguiremos hacia o polígono de A Gándara e Narón. . A partir de aquí o traxecto é máis lineal non tendo moita dificultade. Seguiremos o camiño paralelo á ría en dirección a Neda, pasando pola ponte sobre o río Xubia. A continuación seguiremos ata Fene, onde destacamos o seu carácter industrial, xa que se encontran as factorías de Astano. Logo chegaremos ao concello de Cabanas, onde pasaremos pola Praia da Madalena, seguindo o paseo marítimo para finalizar o traxecto en Pontedeume, centro da comarca do Eume, cun amplo entorno natural de beleza extraordinaria.

2ª ETAPA- 18 KM

DOMINGO 23 DE MAIO 2010

PONTEDEUME-MIÑO-BETANZOS

Partiremos o camiño dende Pontedeume, onde nos dirixiremos hacia a Iglesia Románica de San Miguel de Breamo, cunha ampla panorámica das rías de Betanzos, Ares e Ferrol. A continuación seguiremos dirección Miño, onde cruzaremos o río Baxoi pola Ponte Medieval. Abandoamos Miño pola calle Real, buscando de novo o mar. Continuaremos hacia Paderne, por zona de Monte, ata chegar a Matacabalos, pasando polo Porto e Chantada. A partir de aquí comezamos o descenso hacia Betanzos, con amplias panorámicas á ría. Accederemos á mesma por unha das portas da muralla atravesando o casco histórico.

3ª ETAPA- 28 KM

DOMINGO 30 DE MAIO 2010

BETANZOS-BRUMA

Dende o Casco Histórico de Betanzos seguiremos pola calle de O Rolo, cruzando a ponte de As Cascas, abandoando o núcleo urbano do mesmo. Seguiremos a ruta polas parroquias de O Coto, Campoeiro e Xanrozo, para adentrarnos en Abegondo. Alí cruzaremos a ponte de Limiñón e Presedo, seguindo dirección a Francos, Bocelo e Vilardel. A continuación pasaremos por Monte, Fontela e Vizoño, chegando á A Malata. O itinerario se adentra no monte ata chegar o punto onde se unen as dúas variantes do Camiño Inglés no municipio de Mesía, para chegar finalmente a Bruma.

4ª ETAPA- 14 KM

DOMINGO 13 DE XUÑO 2010

BRUMA-ORDES

Comezaremos a etapa en Bruma onde avanzaremos hacia o municipio de Ordes, pasando por O Seixo, Carreira, Mámoas e a Carballeira, finalizaremos a etapa nun lugar chamado Labandeira de Abaixo.



5ª ETAPA- 16 KM

DOMINGO 20 DE XUÑO 2010

ORDES-SIGÜEIRO

Comezaremos en Labandeira de Abaixo e seguiremos hacia a Rúa, chegando o camiño a Carballo. Atravesaremos o lugar de Casanova de Pereiro e cruzamos a Ponte de Ponte Pereira, para alcanzar Carra, zona de Manantiais. Pasado este tramo o camiño continua hacia Baxoia e chega finalmente a Sigüeiro.

6ª ETAPA- 18 KM

DOMINGO 27 DE XUÑO

SIGÜEIRO-SANTIAGO DE COMPOSTELA

A sexta e última etapa comezaremos en Sigüeiro, seguindo a Calle Real e cruzando a Ponte sobre o río Tambre. A etapa transcurre paralelo ao río ata a Barciela, pasa polo polígono do Tambre en dirección a Meixonfrío e entra no núcleo urbano de Santiago polo Cruceiro da Coruña, para finalizar o camiño en Santiago de Compostela..

